



Resolución da Comisión de Selección encargada de cualificar o proceso selectivo extraordinario da Axencia Turismo de Galicia, convocado pola Resolución do 28 de decembro de 2022 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), pola que nomea a Xosé Gregorio Ferreiro Fente asesor para a realización da proba de lingua galega, recollida nas bases da citada convocatoria.

En sesión que tivo lugar o 19 de xuño de 2023, a comisión de selección nomeada pola Resolución do 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado IV.9 das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante a Resolución do 28 de decembro de 2022,

ACORDA

Primeiro.- Aceptar a designación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de **Xosé Gregorio Ferreiro Fente**, na súa condición de funcionario do corpo de profesorado de ensino secundario, destinado como asesor docente na Secretaría Xeral de Política Lingüística, **como asesor especialista**, para colaborar na realización da proba de lingua galega.

Segundo.- Facer público, a través do portal web corporativo da Axencia Turismo de Galicia, o seu nomeamento como persoal asesor da comisión de selección, na realización da proba de coñecemento da lingua galega.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

**Vº e Prace
O presidente**

Antonio Casas Calviño

